

ACORDO DE INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

Órgano que propón a contratación:
Presidencia do CIXUG

Expediente	CX-24-02
Cualificación do contrato	Subministración
Procedemento de adxudicación	Aberto
Contrato suxeito a regulación harmonizada	Si
Financiado con Fondos Europeos	Non

ANTECEDENTES

1. O presidente do Consorcio CIXUG emitiu un informe ao obxecto de xustificar a necesidade e a idoneidade da contratación de referencia, así como a insuficiencia de medios, todo iso de conformidade cos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español, as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
2. As características principais da contratación que se propoñen son:

1. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato consiste na adxudicación, para as tres universidades públicas do sistema galego (Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo), en diante SUG (Sistema Universitario Galego) a través do Consorcio CIXUG, da subministración e cesión de dereitos de uso do actual **tenant de Splunk Cloud Platform ou equivalente**. Esta licenza deberá contar cun mínimo de **10 unidades SVCs (Splunk Virtual Compute)**, capacidade para recibir e procesar **150 GBytes diarios** e ofrecer **13.500 GBytes de almacenamento de tipo Dynamic Data Active Searchable (DDAS)** e **41.500 GBytes de almacenamento de tipo Dynamic Data Active Archive (DDAA)**. A duración da licenza será de **2 anos, con posibilidade de prórroga** segundo os termos do PCAP. A solución, entregada en **formato SaaS nativo** polo fabricante, será dedicada e exclusiva para o SUG, **sen compartir con outros**

clientes. O licitante deberá incluír o **SLA de dispoñibilidade da plataforma** e asegurar a conservación de todos os datos existentes na instancia actual. Ademais, subministrarase a licenza de uso do **software Cribl Stream, en cada universidade**, e levarán a cabo as tarefas necesarias de **administración e mantemento dos servidores e do software on premise que sexan necesarios.**

2. DIVISIÓN POR LOTES:

Non.

3. INSUFICIENCIA DE MEDIOS

Nin o CIXUG, nin as Universidades do SUG, dispoñen dos medios necesarios nin do persoal coa especialización requirida para cubrir os servizos requiridos coas garantías necesarias.

Faltan, ademais, as ferramentas de traballo propias para desenvolver estes servizos. Aos efectos de idoneidade do obxecto e contido do contrato, as necesidades que se pretenden cubrir son as que se indican expresamente no presente documento e no Prego de Prescricións Técnicas.

4. RÉXIME ECONÓMICO

Importe de licitación	Tipo IVE aplicable: 21%	Orzamento base de licitación
IVE excluído	Importe IVE	IVE incluído
241.800,00 €	50.778,00 €	292.578,00 €

VALOR ESTIMADO DEL CONTRATO	Detalles
Importe de licitación (IVE excluído)	241.800,00 €
Incremento de unidades de execución	Non aplica
Importe das modificacións previstas (IVE excluído).	48.360,00 €
Importe dos premios ou primas pagadoiras aos licitadores (IVE excluído)	Non aplica

VALOR ESTIMADO DEL CONTRATO	Detalles
Importe das opcións eventuais (IVE excluído)	No aplica
Prórroga (IVE excluído)	120.900,00 €
Total, Valor Estimado	411.060,00 €

Condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do Consorcio CIXUG para os anos 2025, 2026 e 2027.

5. DURACIÓN DO CONTRATO

Dous anos máis unha posible prórroga, a contar dende a data de formalización do contrato.

Distribución de Anualidades	Total, sen IVE
Anualidade 2025	120.900,00 €
Anualidade 2026	120.900,00 €
Anualidade 2027	120.900,00 €
Total	362.700,00 €

6. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

Tramitación ordinaria.

A adxudicación deste procedemento realizarase mediante procedemento aberto de conformidade có previsto nos artigos 131, 156 e 158 da LCSP. Todo elo ao obxecto de garantir a publicidade, concorrencia, **igualdade** e transparencia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Resulta de aplicación a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do

Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, así como as disposicións que a desenvolvan. Son de aplicación con carácter supletorio as demais normas de dereito administrativo e, no seu caso, as normas de dereito privado.

O órgano de contratación é a presidencia do CIXUG.

De conformidade có disposto,

ACORDO

1. Iniciar expediente de contratación da subministración, suxeita a regulación harmonizada, de cesión de dereitos de despregue, uso e soporte da licenza de **Splunk Cloud Platform ou equivalente con 10 unidades SVCs, 150 GBytes diarios, 13.500 GBytes de almacenamento de tipo Dynamic Data Active Searchable (DDAS), 41.500 GBytes de almacenamento de tipo Dynamic Data Active Archive (DDAA), por 2 anos prorrogables un ano.** Será unha solución **SaaS nativa exclusiva para o SUG, con SLA de dispoñibilidade e conservación de datos.** Inclúe **licenza de Cribl Stream** para optimización de eventos.
2. Solicitar aos servizos xurídicos e técnicos do Consorcio CIXUG que procedan á redacción dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, así como que soliciten cantos documentos sexan necesarios para a preparación do contrato.
3. Ordenar a publicación deste acordo e do informe da necesidade de contratación no perfil do contratante.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica,

D. Antonio López Díaz
Presidente